

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A ADSCRICIÓN A UN POSTO DE ADMINISTRATIVO, VACANTE NA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO, CONVOCADA POR RESOLUCIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2024.**

Por Resolución da Valedora do Pobo do 5 de xuño de 2024 (DOG nº 115 e BOPG nº 39, do 4 de xuño de 2024), convocouse un concurso de méritos para a adscrición ao posto de administrativo da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), nivel de complemento de destino 20, nº 16 da Relación de Postos de Traballo vixente, que se atopa vacante.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 5 de xullo de 2024.

Mediante Resolución da Valedora do Pobo do 15 de xullo de 2024, aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas da convocatoria do dito concurso, e por Resolución do 31 de xullo de 2024, a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. De conformidade co disposto na base 6 da convocatoria, ambas resolucións publicáronse na páxina web da Institución.

Por Resolución do 5 de agosto de 2024 e de conformidade co disposto na base 8 da convocatoria, procedeuse á publicación da puntuación declarada polas persoas solicitantes admitidas no referido concurso de méritos.

A Comisión de Avaliación nomeada por Resolución da Valedora do Pobo do 18 de xuño de 2024, para a valoración do cumprimento dos requisitos e os méritos achegados polas persoas solicitantes ao concurso de méritos, constituíuse con data do 14 de agosto de 2024, e nese acto, revisadas as solicitudes electrónicas presentadas, acordouse, de conformidade co disposto na base 9 da convocatoria, requirir a Roberto Pérez Fonte, por ser a á persoa solicitante con maior puntuación declarada, a documentación acreditativa dos méritos alegados.

Con data do 21 de agosto de 2024 (RE: 18300/24), o solicitante con maior puntuación declarada presentou a documentación xustificativa dos méritos alegados.

Con data do 3 de setembro de 2024, a Comisión de Avaliación comprobou que de acordo coas bases da convocatoria e a documentación presentada, o solicitante obtén unha puntuación comprobada de 28.99 puntos.

Con data do 16 de setembro de 2024, a Comisión de Avaliación remitiu proposta de Resolución provisional do concurso á Valedora do Pobo, de conformidade co disposto na base 11 da convocatoria, e a Valedora do Pobo coa mesma data, ditou Resolución provisional do concurso, que publicouse nese mesmo día na páxina web da Institución.

Polo responsable do Rexistro da Institución, emitíuse certificado con data do 27 de setembro de 2024, no que faise constar que transcorrido o prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación, non se presentaron alegacións polas persoas solicitantes á dita resolución provisional.

Por todo o anterior e de acordo co establecido na base 12 da convocatoria, propónse resolver de forma definitiva o concurso en favor do solicitante Roberto Pérez Fonte, que obtivo 28.99 puntos, ao ser o solicitante que obtivo a maior puntuación.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2024.

Santiago González Serrano <b>Presidente</b>	María del Pilar Sobredo Mata <b>Secretaria</b>	Ramón Aguirre Seoane <b>Vogal</b>
--	---	--------------------------------------

**Excma Sra. Valedora do Pobo**